



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

*Bases do Programa de bonos dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social do Concello de Pontedeume*

### ANUNCIO

(Expediente 2022/A011/000001)

Por medio de decreto número 735/2022 de data 16/11/2022 resolveuse aprobar as “**Bases do Programa de bonos dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social do Concello de Pontedeume**”, cuxo contido se transcribe:

### BASES DO PROGRAMA DE BONOS DIRIXIDO A PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

#### Artigo 1.- OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto aprobar as bases do Programa de Bonos dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e participación social da poboación eumesa máis vulnerable a través do tecido comercial local como vehículo integrador e de aplicación do Programa de Bonos.

#### Artigo 2.- OBXECTIVOS DO PROGRAMA

O presente programa ten como obxectivos garantir a igualdade de oportunidades no acceso a calidade de vida e a participación social da poboación, así como estimular a demanda e o consumo no ámbito local. Protexendo ás familias e promovendo unha cultura de veciñanza, debido ao impacto da crise provocada pola pandemia da COVID-19 e agravada pola perda de poder adquisitivo ocasionada pola invasión rusa de Ucraína, que afecta directamente aos gastos que as familias máis vulnerables teñen que asumir diariamente, e que agrandou a brecha existente de maneira dramática a presenza nun panorama social que necesita manter un nivel óptimo de protección naqueles colectivos máis vulnerables.

#### Artigo 3.- PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS

Poderán acceder a este programa as persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Pontedeume, que dende o 1 de xaneiro do 2022 e ata a data de remate do prazo de presentación de solicitudes, sexan beneficiarias ou estean incorporadas a algún dos seguintes recursos sociais: Axudas municipais de emerxencia social, Programa de axuda alimentaria ás persoas máis desfavorecidas, Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou Tarxeta social básica.

#### Artigo 4.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

Subvencionaranse 100 bonos cun importe de 65€ para o consumo nos establecementos comerciais locais minoristas (incluídos servizos de aloxamento) adheridos á campaña, a través de bonos de gasto de carácter nominativo e territorial. Cada un dos bonos de 65 € asignados deberá esgotarse na súa totalidade nun mesmo establecemento.

#### Artigo 5.- CONTÍA DAS AXUDAS

O Concello de Pontedeume concederá un importe de 6.500 € en bonos entre as persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases, nos seguintes importes por persoas integrantes da unidade familiar:

Unidade familiar dunha persoa	1 bono de 65 €
Unidade familiar de dúas persoas	2 bonos de 65 €
Unidade familiar de tres persoas	3 bonos de 65 €
Unidade familiar de catro persoas	4 bonos de 65 €
Unidade familiar de cinco persoas	5 bonos de 65 €
Unidade familiar de seis persoas	6 bonos de 65 €

#### Artigo 6.- REQUISITOS DOS ESTABLECEMENTOS PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA

Poderán adherirse ao **Programa Bonos dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social**, aqueles establecementos locais minoristas (incluídos servizos de aloxamento) radicados no Concello de Pontedeume que no momento de presentar a solicitude de adhesión estean dados de alta no censo de Actividades Económicas da AEAT correspondente ao exercicio 2022.

Unicamente poderán participar aqueles establecementos que estean ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sen prexuízo de cantas outras formalidades puideran estar obrigadas a cumprir, o Concello de Pontedeume poderá solicitar en calquer momento documento acreditativo do cumprimento de tales requisitos mínimos. Non se terán en conta nin admitirán as solicitudes presentadas por entidades que no cumpran ditos requisitos.

#### Artigo 7.- FASES DO PROGRAMA. DISTRIBUCIÓN DE BONOS ENTRE AS PERSOAS BENEFICIARIAS.

O programa divídese en 3 fases:

**Primeira fase:** Adhesión dos establecementos interesados na participación deste programa, que deberán presentar a súa solicitude desde o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP e na Base de datos Nacional de subvencións (BDNS) e **ata o día 24 de novembro**, a través do modelo de adhesión do **Anexo I** acompañado do Documento Nacional de Identidade. Da persoa titular do establecemento, no caso de ser autónomo, CIF da entidade, certificado expedido pola AEAT de estar dado de alta e ó corrente no censo de Actividades Económicas correspondente ao exercicio 2022.

**Segunda fase:** Prazo presentación de solicitudes: As persoas empadroadas no Concello de Pontedeume que cumpran os requisitos do artigo 3 das presentes bases poderán presentar as súas solicitudes dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP **ata o día 24 de novembro** a través do modelo de solicitude (Anexo II).

**Terceira fase:** Os bonos distribuiranse segundo a táboa do punto 5 destas bases, unha vez verificados os requisitos das persoas solicitantes, **por orde de chegada** segundo a dispoñibilidade orzamentaria. En caso de que exista coincidencia no momento de presentación de varias solicitudes, atenderase a hora, minuto e segundo. En caso de persistir empate, o criterio a seguir será a orde alfabético do apelido, previo sorteo da letra por parte do órgano instructor, a partir da cal establecerase a orde de prelación.

Os bonos serán de carácter nominativo a nome das persoas maiores de idade pertencentes ás unidades familiares solicitantes. Ademais amosarán o listado de establecementos nos que poden ser utilizados. **Os bonos serán válidos desde o 28 de novembro e a caducidade dos mesmos será o 11 de decembro de 2022.**

#### Artigo 8.- XESTIÓN PARA O CANXE DE BONOS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS.

Os establecementos adheridos ao programa poderán facer efectivos os bonos aplicados ao finalizar o período de consumo que comezará o **28 de novembro** e a caducidade dos mesmos será o **11 de decembro de 2022**.

O establecemento formalizará o seu expediente de xustificación adxuntando ata a data do **20 de decembro de 2022** por sede electrónica, sen prexuízo de poder ir presentado xustificacións parciais a medida que se vaian canxeando os bonos:

- Anexo III
- Bonos utilizados
- Ticket de compra/factura a nome da persoa beneficiaria.
- Certificado de conta bancaria onde conste a titularidade mediante o NIF do establecemento no que se procederá a realizar o ingreso do importe xustificado mediante os bonos utilizados polas persoas beneficiarias do programa.

Únicamente se satisfará o importe debidamente xustificado.

#### Artigo 9.- REQUISITOS DO TICKET/FACTURA DE COMPRA

O ticket/factura debe conter desglose dos artigos. Quedan excluídos destes desgloses mencións xenéricas do tipo: "varios", "bebidas" ou similares.

Os únicos gastos que non se consideran subvencionables son: as bebidas alcohólicas, tabaco, loterías, deixando de manifesto que os estancos poden participar xa que ofertan máis produtos no seu establecemento.

No caso de producirse unha devolución da compra, en ningún caso se producirá a devolución en metálico, polo que se poderá realizar un cambio do produto ou xerar un cheque valor para a compra posterior.

#### Artigo 10.- OBRIGAS DAS PERSOAS RESPONSABLES DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA

Os establecementos adheridos ao Programa Bonos para a incentivación e impulso do comercio local entre os colectivos máis vulnerables, a través da suscripción da solicitude de adhesión, adquirirán as seguintes obrigas:

- Publicitar no exterior/interior do establecemento a situación de adhesión ao programa e o financiamento do Concello. mediante a colocación do correspondente material publicitario en lugar visible durante a vixencia do programa.
- Comprobar a identidade co DNI da persoa beneficiaria antes de facer efectivo o bono.
- Non canxear os bonos aos consumidores por diñeiro en metálico en ningún caso.
- Colaborar co Concello de Pontedeume no correcto funcionamento do programa.
- Conservar os tickets/facturas de compra e bonos utilizados polas persoas beneficiarias no seu establecemento ata a finalización do programa e a presentación da conta xustificativa no Concello.

#### **Artigo 11.- INSPECCIÓN, INCUMPRIMENTOS E PROCEDIMENTOS DE REINTEGRO**

O órgano instructor reservarse o dereito a realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control estime oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o correcto desenvolvemento e aplicación do presente programa.

No suposto de incumprimento por parte das persoas solicitantes e dos establecementos adheridos, o órgano instructor poderá cancelar a adhesión dos mesmos ao programa, a fin de impedir o cobro de bonos. Os establecementos están obrigados a facilitar canta información sexa requerida.

Do mesmo xeito, as persoas beneficiarias que utilicen de forma fraudulenta o bono xerando duplicidade ou similares serán penalizadas, sendo excluídas tanto do presente programa, tendo que reintegrar calquera contía percibida dentro desta iniciativa, como a prohibición de participar no futuro en iniciativas análogas convocadas polo departamento de Servizos Sociais municipais. A penalización tramitarase polo departamento de Servizos Sociais dando audiencia previa ao establecemento colaborador e ao beneficiario.

#### **Artigo 12.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

A subvención obtida ao amparo desta convocatoria será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente doutras Administracións Públicas, e/ou por entidades públicas e privadas, rexionais, nacionais ou internacionais.

#### **Artigo 13.- PUBLICIDADE**

As presentes bases deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na Base de datos Nacional de subvencións (BDNS).

#### **Artigo 14.- RECURSOS**

Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

**ANEXO I****ADHESIÓN DE ESTABLECEMENTOS AO PROGRAMA BONOS DIRIXIDO A PERSAOS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

1. Nome do establecemento:
2. Nome e apelidos da persoa titular do establecemento:
3. DNI do titular do establecemento/CIF do establecemento:
4. Dirección do establecemento:
5. Teléfono de contacto:
6. Correo electrónico:

- Presenta DNI da persoa titular ou CIF do establecemento
- Presenta Certificado expedido pola AEAT de estar dado de alta no censo de Actividades Económicas correspondente ao exercicio 2022.
- Presenta arquivo dixital da imaxe corporativa do establecemento.

Acéptanse as condicións e requisitos expostos nas bases correspondentes ao Programa Bono dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social

A persoa titular do establecemento autoriza ao Concello de Pontedeume ao uso do nome da súa empresa, así como a súa imaxe corporativa con fines promocionais e de difusión do presente programa.

Asinado:

Pontedeume, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## ANEXO II

## ADHESIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS AO PROGRAMA BONOS DIRIXIDO A PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

1. Nome e apelidos da/o representante da unidade familiar:

2. DNI da/o representante da unidade familiar:

3. Dirección postal:

4. Teléfono de contacto:

5. Correo electrónico:

6. Certificado de empadramento colectivo

Número de membros da unidade familiar: 1 2 3 4 5 6

Nome, DNI e data de nacemento dos membros da unidade familiar agás da persoa titular:

Nome e apelidos	DNI	Data de nacemento

Dita información será verificada segundo os rexistros custodiados polo departamento de Servizos Sociais para verificar a súa autencidade e realizar a expedición dos bonos.

Acéptanse as condicións e requisitos expostos nas bases correspondentes ao Programa Bonos dirixido a persoas en situación ou rsico de exclusión social

Asinado:

Pontedeume, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**ANEXO III****PRESENTACIÓN DE TICKETS, FACTURAS E BONOS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS**

1. Nome do establecemento:
2. Nome e apelidos da persoa titular do establecemento:
3. DNI do titular ou CIF do establecemento:
4. Dirección do establecemento:
5. Teléfono de contacto:
6. Correo electrónico:

O presente anexo deberá acompañarse de todos os bonos canxeados no establecemento, así como os tickets e facturas asociados a dito bono. Para a correcta verificación destes datos por parte do Concello de Pontedeume deberase completar a seguinte taboa:

<b>Nº de Bono</b>	<b>DNI Beneficiaria/o</b>	<b>Nome e apelidos do beneficiaria/o</b>	<b>Número de tickets ou factura/s asociadas ao bono</b>	<b>Importe total facturado ao bono</b>
<b>Nº de Bono</b>	<b>DNI Beneficiaria/o</b>	<b>Nome e apelidos do beneficiaria/o</b>	<b>Número de tickets ou factura/s asociadas ao bono</b>	<b>Importe total facturado ao bono</b>

Nº de Bono	DNI Beneficiaria/o	Nome e apelidos do beneficiaria/o	Número de tickets ou factura/s asociadas ao bono	Importe total facturado ao bono

Asinado:

Pontevedra, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_”

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido do dito Decreto.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontevedra a 16 de novembro de 2022.

2022/7190